

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO PARA A OPTIMIZACIÓN E MELLORA INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EXISTENTES NA AVENIDA ENRIQUE PEINADOR PARA USO DE TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Mondariz-Balneario o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula oitava do convenio "Xustificación de fondos e pagamento".

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 13 de agosto de 2024 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mondariz-Balneario para a optimización e mellora integral das instalacións deportivas municipais existentes na avenida Enrique Peinador para uso de turismo deportivo sostible.

Segundo.- Na cláusula segunda se establece que o orzamento estimado para as actuacións obxecto do convenio ascende a 483.637,00 €. Ademais a dita cláusula establece que a Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 180.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os anos 2024 e 2025, de acordo coa seguinte distribución:

- Anualidade 202418.089,50 €



- Anualidade 2025161.910,50 €.

Terceiro.- O Consello da Xunta de Galicia autorizou a súa subscrición na súa reunión do 5 de agosto de 2024, de conformidade co disposto no artigo 40.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, que establece que a subscrición de convenios de colaboración cuxo importe sexa superior a 150.000 € ou teñan carácter plurianual requirirá a autorización do Consello da Xunta.

Cuarto.- Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello dos gastos causados no exercicio 2024 remata o 1 de novembro de 2024. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devindicados dende o 1 de xaneiro de 2024 ata esta data límite. O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa dos gastos causados no exercicio 2025 será o 1 de setembro de 2025. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devindicados dende o 2 de novembro de 2024 ata esta data límite.

Quinto.- O 26 de agosto de 2025 ten entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Concello de Mondariz-Balneario polo que solicita textualmente que *“se prorrogue o prazo de execución, e consecuentemente tamén o prazo de xustificación segundo a cláusula 26, por concorrer as causas que se indican a continuación:*

A obra se está a realizar nestes momentos e se prevé que se rematará no mes de outubro”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

